

O Camiño Real En Tractor Clásico

Organizado por :

Grupo de desenvolvemento rural “Os sete castros”

Asociación Galega de Amigos da Maquinaria Agrícola Clásica (AGAMAC).

Ruta en tractor de época polo camiño coñecido como “Camiño Real”, cujos obxectivos se enmarcan dentro dos valores que pretende a Asociación Galega de Amigos da Maquinaria agrícola clásica (AGAMAC), resumidos en “aumentar a autoestima do traballador do rural”, apoiada para este evento polo GDR Os Sete Castros, e neste caso, concretizados no seguinte:

-Apoiar un proxecto de cooperación entre 6 Concellos da provincia de Lugo, para recuperar esta antiga ruta que os unía e así potenciar os seus importantes valores agronómicos, culturais e turísticos.

Ao respecto do Camiño:

Existe un camiño antigo, coñecido como “Antiga ou Camiño dos romanos” que segundo a tradición popular data da época romana. Trátase dun tramo dos chamados Camiños Reais, itinerarios que permitían os viaxeiros e comerciantes da época trasladarse por todo o país. E muy posible que formara parte dun dos trazados orixinais do Camiño de Santiago. De feito aínda que hoxe existen rutas de peregrinación máis transitadas cara a cidade do sepulcro, eran varios os trazados que seguían os peregrinos. Iste en concreto une o camiño francés co camiño chamado primitivo, e trascorre polos concellos de Pedrafita, As Nogais, Triacastela, Láncara, Corgo e Lugo. En zonas montañosas coma estas era frecuente que os viaxeiros optarán por itinerarios máis agradables polo estado do tempo, sendo esta unha ruta máis levadeira, cunha pendente moi lixeira, inferior o 5% en moitos casos, algo moi propio das vías romanas. Trascorre por zonas altas rondando cotas cercanas os 1200 m. Conta cunha lonxitude total de uns 60 kms dende Padornelo en Pedrafita onde se separa do camiño francés ata Lugo capital onde se atopa co camiño primitivo.

Ao respecto da ruta en tractor agrícola:

A ruta discorrerá polos lugares máis próximos transitables ou polo propio “camiño real” si está transitable, e polas vías que se detallan a continuación. Partirase da parroquia de Padornelo (Pedrafita) sobre as 10 da mañá, prevendo chegar a Carracedo (Láncara) 3 horas máis tarde para xantar na esplanada da antiga casa do Concello de Láncara. Despois de parar para comer e descansar 2 horas, partirase dirección Lugo para chegar en

aproximadamente outras dúas horas e media ao pazo de feiras e Congresos de Lugo, onde se realizará un coloquio sobre a actividade e recepción con autoridades e persoas interesadas no motivo da mesma. Tamén se ten previsto facer algunha parada en lugares destacados onde aproveitar as vistas das paisaxes que se atravesarán.

Realizarán o camiño 20 tractores de época, entre os cales circularán varios Barreiros (fabricados polo ilustre industrial ourensán D. Eduardo Barreiros, un Zetor 25 k do ano 1947, dous Man de 1955, un Guldner de 1960 (da Universidade de Santiago de Compostela) ou un Porsche do 1960. Entre os tractoristas, case todos socios de AGAMAC, estarán o presidente de AGAMAC, o Lancarao Marcos Vázquez Marey, o Xerente do GDR “Os Sete Castros” (Carlos Nieto), Benigno Ruiz, profesor da Universidade de Santiago e tamén o Alcalde de Láncara, Eladio Capón, e o concelleiro Carlos Fernández; e tamén, moi destacable a presenza da delegación de AGAMAC en Pontevedra, coa participación de tres socios do Concello de Silleda.

Acompañarán a ruta como documentalista o historiador Pablo Núñez Meneses (de Ariz, Láncara), como asistencia mecánica, José Mato, mecánico profesional en Portomarín, (tamén piloto de ralis), como chofer do camión rescate José Amor, do Desguace Agrícola e Industrial de Manán, O Corgo, e tamén participará o coñecido piloto Antonio Solorzano acompañando á prensa especializada do motor.

Quixérase destacar que esta ruta non é un simple paseo en tractor, nin sequera o reforzo da aposta pola recuperación do patrimonio industrial agrario sempre proposto por AGAMAC, senón, inciar a recuperación dunha antiga ruta, complementaria ao Camiño de Santiago para dirixirse á cidade de Lugo, e que atravesa 6 concellos, 5 deles rurais, cuos valores agronómicos e turísticos son máis que destacables, e cuos representantes están dispostos a cooperar para potencialos. De aquí que este proxecto xurdira como unha colaboración entre o Grupo de Desenvolvemento Rural Os Sete Castros e a Asociación Galega de Amigos da Maquinaria Agrícola Clásica (AGAMAC), cuos fins últimos converxen dun xeito ou de outro na mellora da autoestima do traballador do rural.

Para rematar, a nivel de colaboración, e de agradecer cooperación dos seis Concellos participantes no proxecto e o apoio económico da Deputación Provincial de Lugo, sen o cal, a realización do evento de promoción da cultura, do patrimonio e do sistema productivo, sería moito máis difícil de realizar.